- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.
- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.
- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.
- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.
- Aprendizaxe baseada na investigación, na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. Actividades investigativas que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico
- Aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.
- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos e alumnas se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estén preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para éste unha solución.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles: folios, cartolinas, ceras...
Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos...
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Recursos informáticos: ordenador de aula. Encerado dixital interactivo. Tabletas.
Libros da biblioteca de aula e de centro.
Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora (identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...).

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	12	12	13	13	14	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 40% :
- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%).
- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).
- Ter unha caligrafía lexible (5%)

- Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) 20% :
- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (10%),
- Aмосa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade. (10%)

- Actividades de expresión e creación 20% :
- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración (10%).
- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)

- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)

- Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

Criterios de recuperación:

Cando un alumno- a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos.
- g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e en outro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

De aquí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.				X		X	X	
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X		X			X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).			X					
ET.6 - Educación emocional e de valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º trimestre: Ti tamén contas	Para fomentar no alumnado o gusto polas narracións infantís, as familias representarán un conto adecuado a súa idade			
2º trimestre: Actividades culturais	Asistencia a unha obra de teatro establecendo no alumnado a curiosidade e o interese por este xénero			
3º trimestre: Obradoiros	Para promover tarefas de investigación, a aprendizaxe por descubrimento e o traballo en equipo.			

Observacións:

Estableceranse unha serie de criterios para a selección e elección destas actividades encuadrándose dentro da seguinte tipoloxía

- Obradoiros
- Actividades culturais
- Ti tamén contas

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdiscipliniedade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa.
Regulación da práctica docente: grao de seguimento do alumnado, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36010009	CEIP Virxe do Rocío	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

1. Introducción

Nesta introdución aparecerán os datos específicos do grupo de alumnado para o que vai destinada a programación e que poden influír directamente na adquisición da LE: nivel de aprendizaxe, dificultades, evolución lingüística do alumnado especialmente na lingua materna, características socio-económicas e culturais das familias e a poboación na que está situado o centro educativo.

Tal como se reflicte na introdución do Decreto polo que se establece o currículo de LE para a Educación Primaria, no primeiro nivel pátense dun estadio aínda moi elemental da lingua estranxeira, polo que, será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos: práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística.

1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación é unha proposta concreta de ensino-aprendizaxe concibida para desenvolver no Primeiro curso de Educación Primaria durante este ano académico.

Para a súa elaboración partimos do currículo vixente da Educación Primaria e tivemos en conta os distintos Proxectos e Plans do noso centro educativo.

1.1.- CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO:

O CEIP Virxe do Rocío é dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Atópase emprazado na rúa Rocío, nº 70, en Vigo, entre os barrios de Coia e Bouzas.

A poboación da zona de influencia pódese clasificar en dous tipos: Por unha banda, está o alumnado procedente da zona de Bouzas e de Coia, con familias de clase obreira, nas que abunda o paro e a emigración xa que é unha zona de baixos alugueiros. Pola outra, o alumnado procedente de Navia, na contorna da escola, que é unha pequena cidade, formada por grandes edificacións, o que fai que se producese un gran incremento da poboación, sobre todo, con xente nova, e que está dinamizando a vida da escola e aumentando dun xeito considerable a poboación escolar.

A actitude das familias respecto ás expectativas académicas dos seus fillos e fillas é en xeral, positiva, aínda que temos máis de unha excepción. O alumnado ten un bo nivel de asistencia e disciplina en liñas xerais. Nós tentamos potenciar o seu interese, motivando e mellorando os hábitos de estudo e inculcando valores máis sólidos. Moitos dos pais e as nais participan dun xeito activo, tanto nas actividades que organiza o Centro, como nas que realiza a A.N.P. A. Esperamos e agardamos que este número de familias se incremente.

O Departamento de Orientación do Centro desenvolve neste senso o labor de asesoramento, orientación e apoio, en colaboración con todo o profesorado na procura dun mellor aproveitamento dos recursos e na obtención dos mellores resultados posibles. Como sempre este servizo atópase desbordado pola gran cantidade de alumnas e alumnos que precisan da súa intervención, a cal, cunha orientadora dous días á semana é moi lenta.

Co funcionamento do Comedor Escolar, xestionado pola Xunta na modalidade de xestión indirecta, catering e a Aula Matinal, intentamos prestar un mellor servizo ás familias.

A relación entre o profesorado é moi boa, existindo un bo clima de convivencia, colaborando nos equipos con interese e facilitando a organización do Centro.

Queremos subliñar tamén que durante este curso, teremos a nosa BIBLIOTECA ESCOLAR como a DINAMIZADORA DE TODAS AS ACTIVIDADES QUE REALIZAREMOS NA NOSA ESCOLA. Esperamos que a nosa mascota PICOLINDO logre achegar a todos os nosos alumnos/as o interese polos contos, propondo tarefas dende o noso proxecto anual e se formen como futuros adultos lectores, acadando os obxectivos propostos no noso PROXECTO LECTOR. Destacamos que este curso continuamos sendo un dos centros elixidos no PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES polo que melloraremos en todos os aspectos a nosa biblioteca escolar. Ademais empezamos continuaremos cos proxectos de robótica cos que esperamos fomentar o pensamento crítico, a investigación, creatividade colaboración e comunicación entre o alumnado.

1.2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO EDUCATIVO:

O C.E.I.P. imparte o 2º ciclo da etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria. Conta con tres unidades de educación infantil e seis de educación primaria nos que hai cabida para douscentos alumnos e alumnas.

As instalacións do centro son totalmente novas e contamos con: Tres aulas de EI, seis aulas de EP, aula de Plástica, aula de Inglés, aula de Relixión, aula de música e usos múltiples, aula de PT, aula de AL, Dirección, Secretaría, Xefatura de Estudos, Sala de Profesores, Departamento de Orientación, Aula Steam, Biblioteca e Comedor Escolar,

ademais de Ximnasio.

A dotación material do CEIP é suficiente, incluíndo tamén novas tecnoloxías da información e comunicación, aínda que neste intre precisamos dunha urxente renovación dos equipos informáticos. No relativo os recursos humanos o persoal docente organízase segundo esta distribución: 3 mestres titores de E.I., unha mestra de apoio de E.I., e 6 titores de E.P., 1 de P.T. e outro de A.L. (compartido con outro centro), 1 mestre especialista en lingua inglesa, 1 de Música, 1 en E.F., unha orientadora compartida con outro centro e 1 mestra de relixión. O persoal non docente o constitúe o persoal de atención ao alumnado no horario de comedor e o de limpeza, así como un porteiro e unha coidadora.

Segundo o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de E.I. e os centros de E.P. e a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, o centro ten órganos de goberno: unipersoais (director, xefe de estudos e secretario) e colexiados (Claustro de Profesores e Consello Escolar) e tamén órganos de coordinación docente: Equipos de Ciclo, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e denominado así no artigo 18 do D.124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo- e Titores. Tamén conta cun equipo de dinamización de biblioteca e cun observatorio de convivencia, e equipo tics. Ademais o C.E.I.P. ten un Departamento de Orientación compartido con dous centros.

Tamén conta cunha Asociación de Nais e Pais que, entre outros cometidos, se ocupan da organización das actividades extraescolares.

O servizo complementario de transporte e comedor ten unha alta demanda.

O horario do centro, de xornada única, é de 9:00 a 14:00 horas. Entre as 11:30 e 12:00 é o tempo de recreo e das 12:00 ás 12.20, a hora de ler. Os mestres permanecemos no centro máis tempo os martes para a atención a pais -de 16 a 17 horas- e reunións entre o profesorado de 17 a 18 horas e de 18 a 19 horas.

1.3.- CARACTERÍSTICAS DOS NENOS DE 6 E 7 ANOS

Desenrolo físico:

- Progresan de xeito significativo en coordinación, axilidade e precisión.
- Arrincan, viran e detéñense de forma eficiente nos xogos.
- Defínese o seu lateralidade.

Personalidade

- Empezan a tomar conciencia das responsabilidades persoais.
- Gozan colaborando nas tarefas.

Cognición

- Continúa a idade máxica e a etapa preoperacional: centración, irreversibilidade, egocentrismo, animismo e incapacidade para distinguir aparencia e realidade.
- O seu pensamento vai sendo aos poucos máis maduro e mostra avances á hora de resolver problemas.
- Comprenden unha secuencia temporal e distinguen máis claramente as nocións temporais.
- A súa capacidade de concentración aumenta progresivamente.

Linguaxe

- Apenas cometen erros na construción de frases.
- Formulan oracións complexas subordinadas e condicionais.

Familia

- A familia segue sendo un dos seus alicerces de referencia.

Relacións sociais

- Comezan a xogar de forma cooperativa, en busca dunha meta común.
- Créase un triángulo de gran influencia para os nenos formado pola familia, o colexio e os amigos.
- Van sendo capaces de poñerse no lugar do outro e comprender os seus sentimentos. Pero aínda poden necesitar axuda para resolver conflitos.

Autonomía.

- Vístense e íspense sós, soben cremalleiras, pónense as luvas, desabrochan e abrochan botóns e pónense os zapatos no pé correspondente.
- Aínda adoitan precisar axuda para atarse os amallós.

Xogo

- Continúan na fase de xogo simbólico, que lles permite manexar os seus sentimentos e desenvolver a espontaneidade, a creatividade e a imaxinación.
- Gústalles os xogos que permitan o desenvolvemento motriz e a conquista do equilibrio: montar en bicicleta, xogar á pelota, os tobogáns, randeiras...
- Inicianse nos xogos de regras , pero pode ser frecuente que as transgridan porque todos queiran gañar.

1.4.- CARACTERÍSTICAS DOS NENOS E NENAS DA AULA

O grupo de 1º neste ano está moi cohesionado pois levan xuntos toda a etapa de Infantil . Maioritariamente o castelán é a lingua vehicular do alumnado e aínda que non presentan problemas para comprender as dúas linguas oficiais, a produción en galego é moi escasa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Back to school. New friends	Vocabulario e expresións de uso habitual na aula; xogos de interacción do alumnado entre si e da mestra co alumnado: role-plays, memory game con tarxetas de imaxes, dominós de imaxes, paseos polo colexio, interior e exterior; xogos interactivos en formato dixital.	8	4	X		
2	My classroom	Vocabulario relacionado coa clase: obxectos que usan, mobles , etc Partes do colexio. Preposicións in , on , under (localización dos obxectos dentro da clase)	14	10	X		
3	Different families	Vocabulario relacionado coa familia: diferentes membros que a compoñen. Elaboración dun family tree e dun album familiar. Cancións, rimas e vídeos da unidade.	14	10	X		
4	Christmas songtime.	Escoller tres cancións sinxelas e populares de Nadal.Vocabulario sinxelo relacionado (nadal,xoguetes) escoitar, cantar, dramatizar. Video clip feito polo alumnado coas cancións aprendidas e con felicitacións de Nadal.	4	3	X		
5	I have a pet.	Vocabulario relacionado cos animais domésticos e salvaxes.Números e cores.. Online game:discover the animal. Mimo. Bingo.Domino de animais.Listening,picture dictation. Canción "I have a pet". Describir as súas mascotas ou peluches.	14	10		X	
6	Hockey Pockey. Move your body.	Vocabulario sobre as partes do corpo. Accións relacionadas con elas.Seguir	14	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Hockey Pockey. Move your body.	instrucións e ordes sinxelas.(Toca a cabeza, toca os xeonllos) Producir mensaxes orais relacionadas co corpo. escoitar e ver un vídeo:"Hockey Pockey" e imitar as mesmas accións coas partes do corpo. Canción moi sinxela : "Keep moving"	14	10		X	
7	Easter	Vocabulario sinxelo relacionado con esta festividade. Arts and crafts: elaboración de Easter eggs. Cancións, rimas.	4	3		X	
8	Hobbies	Expresando habilidades usando can and cannot relacionandoo coas súas afeccións. (ler,cantar,bailar,xogar a algún deporte, tocar algún instrumento....) Storytelling e canción relacionada co tema. Performing actions.	14	10			X
9	Yummy!	Vocabulario relacionado coa comida. Expresar like e do not like. Conto:" ".Story telling e visualización da online story.Xogo e canción relacionado co conto	14	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Back to school. New friends	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar,de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar e despedirse.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas

Contidos

- sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse
- Responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás.
- Expressar o tempo :días da semana.
- Identificar algunhas características básicas de obxectos e lugares.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Léxico básico elemental relativo a lugares e contornos próximos de interese para o alumnado

UD	Título da UD	Duración
2	My classroom	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer palabras habituais en textos orais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado usando recursos verbais e non verbais.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Comparar similitudes e diferenzas entre distintas linguas de forma guiada.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer a diversidade linguística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Expressar o tempo :días da semana. - Identificar algunhas características básicas de obxectos e lugares. - Expressar o tempo : os meses . - Expressar o tempo :estacións do ano. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Léxico básico elemental relativo a lugares e contornos próximos de interese para o alumnado - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
3	Different families	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Producir mensaxes moi breves e sinxelos de forma guiada.	TI	100
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns apoiándose en recursos como a repetición.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuizos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Christmas songtime.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Expresar o tempo :días da semana. - Expresar o tempo : os meses . - Expresar o tempo :estacións do ano. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Léxico básico elemental relativo a vivenda. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
5	I have a pet.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada.	TI	100
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Identificar algunhas características básicas de animais. - Responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Léxico básico elemental relativo a lugares e contornos próximos de interese para o alumnado

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico básico elemental relativo a vivenda. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.

UD	Título da UD	Duración
6	Hockey Pockey. Move your body.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos.	TI	100
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Expressar o tempo :días da semana. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
7	Easter	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Iniciar na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Interpreta e crea combinacións rítmicas, con grafías non convencionais e de 6 pulsos, de sons acentuados e non acentuados e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da danza clásica, moderna e contemporánea.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza movementos para seren imitados en espello pola clase. Baixo a música, a modo de conto, segue os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.

Contidos

- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	A primavera e o verán	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica a clave de sol; as notas do, mi e sol e o pentagrama, situando neste último os referidos elementos. Asocia sons e voces coñecidos da súa contorna a obxectos ou persoas.	PE	15
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais con instrumentos de materiais sinxelos, refugallo e/ou reciclaxe.	TI	85
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe, experimentando as súas posibilidades sonoras. Inicio na interpretación dos IPA e IPAD.		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de 4 pulsos (notas: mi e sol; figuras negra e silencio de negra).		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa nun grupo que crea un conto baixo a música pro posta.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da música dramática.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baixo a música,, a modo de pequeno conto, segue os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nun grupo que crea os movementos e indicacions do conto previamente creado.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes graffas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.

Contidos

- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.
- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico de música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas e danzas do mundo	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre música con voz, a capella e só instrumental en cada unha das manifestacións musicais seleccionadas.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dunha exposición grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación e interpretación dunha pequeno conto que empregue algúns instrumentos, ou outros, a modo de efectos dramáticos.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dunha exposición grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía dunha música elixida por este, preferentemente das traballadas nesta UD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como establece o Decreto 155/2022 seguiremos unha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.

Traballaremos de forma progresiva no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza ao longo de toda a etapa, fomentando a autonomía do alumnado na súa propia aprendizaxe.

Asemade, intentaremos potenciar a identificación, expresión, xestión e autorregulación das emocións do alumnado. Por outra banda, tratarase a perspectiva de xénero dende as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical e escénica e performativa.

Planificaranse situacións de aprendizaxe vinculadas a con-textos próximos ao alumnado que favorezan a aprendizaxe significativa e esperten a súa curiosidade e interese pola música, a danza e as artes performativas.

Desenvolveremos propostas de diferentes pedagogos/as musicais: Dalcroze (exploración do ritmo a través do movemento do corpo), Orff (relación do ritmo coa linguaxe e uso de instrumental Orff), Kodály (uso do repertorio musical do propio folclore a través da práctica da lectura, escritura e audición musical), Willems (desenvolvemento do sentido auditivo con distintos materiais sonoros), Reggio Emilia (aprendizaxe por medio da observación), Martenot (a través dos ecos rítmicos e melódicos, momentos de relaxación, e uso do patrón pregunta-resposta), Montessori (uso de diferentes materiais sonoros para unha educación auditiva baseada no recoñecemento de timbres), Schafer (a través da paisaxe sonora) e Wuytack (mediante o uso do musicograma).

As actividades propostas serán claras, fáciles de comprender, variadas e secuenciadas dende unha perspectiva interdisciplinar e con unha clara función social. Segundo a súa finalidade distinguiremos entre:

¿ Actividades de inicio: actividades de relaxación, concentración, e activación de coñecementos previos.

¿ Actividades de desenvolvemento: para fomentar a adquisición das competencias e novos contidos.

¿ Actividades finais: de avaliación ou síntese.

¿ Actividades de reforzo ou ampliación: actividades opcionais para consolidar ou profundar en novos coñecementos.

Segundo o número de destinatarios distinguiremos entre actividades individuais, por parellas, en pequeno grupo, gran grupo ou intergrupais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Cartafol de plástico con velcro

Estoxo
Material de psicomotricidade (pelotas de tenis, aros, teas...)
Musicogramas
Libro de texto
Caderno de pentagramas
Instrumentos de construción propia
Encerado pautado e branco

Este centro dispón dunha aula específica de música moi iluminada e espazosa, dotada con material informático e audiovisual, mobiliario apropiado e dotación instrumental. Contamos con dúas zonas claramente delimitadas, unha para traballo en mesa, con cadeiras tipo pa, colocadas arredor da aula e deixando a zona do centro libre para actividades de movemento, e outra para a práctica instrumental e arquivo de material impreso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras sesións realizaranse actividades que permitan valorar o nivel xeral do alumnado na área. Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro.

A partir do conxunto de datos obtidos tratarase co DO, titor/a e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas tendo en conta a documentación académica e informes do expediente do alumnado.

As medidas individuais ou colectivas que se poden adoptar como consecuencia dos resultados da avaliación inicial na materia de música son: reforzos ou ampliación nos diferentes bloques de contidos, adecuación do grao mínimo de adquisición, adaptación dos instrumentos de avaliación e das rúbricas, realización de actividades de ampliación ou de reforzo con máis frecuencia, potenciar a interdisciplinariedade e a transversalidade e adaptar o repertorio a traballar aos gustos e intereses do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	21	24	40	100
Proba escrita	20	20	15	0	11
Táboa de indicadores	80	80	85	100	89

Criterios de cualificación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 50 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, o/a docente e /ou o conxunta da Xunta de Avaliación poderán non aplicar os criterios anteriores sempre atendendo a razóns pedagóxicas.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia e paralelamente á persoa docente titora. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar. Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade do alumnado seguiremos o establecido no Decreto 229/2011 onde se recollen os principios xerais de actuación, normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes, participación de toda a comunidade educativa, incluíndo ademais, a prevención e detección temperá.

Tendo en conta o principio de heteroxeneidade, planificaranse actividades de reforzo e ampliación para atender aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe de todo o alumnado.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades enriqueceranse os seus coñecementos para desenvolver ao máximo as súas potencialidades.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Nos casos de alumnado con deficiencias auditivas, cómpre diferenciar entre aquel hipoacúsico (co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva), e o anacúsico (co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de

conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto).

Outras consideracións que podemos ter en conta para atender a diversidade do alumnado son: emprego de graffas de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico de música e danza tradicional galega	Concerto no 2º trimestre no centro (en relación á UD4)		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na celebración do Samaín	Durante o 1º trimestre	X		
Festival de Nadal	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado no salón de actos e de cara ao final do 1º trimestre; aberto ao público)	X		
Colaboración no Proxecto do Centro	Ao longo dos tres trimestres colabórase co proxecto anual de centro	X	X	X
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) no salón de actos e de cara ao final do 3º trimestre; aberto ao público			X

Observacións:

O concerto de música e danza tradicional galega está concibido para, posteriormente a este, realizar un par obradoiros de danza tradicional galega para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Os procedementos e instrumentos de avaliación seleccionados foron axeitados
As medidas de atención á diversidade aplicadas foron axeitadas
Clima de traballo propicio para o desenvolvemento da práctica educativa
Presencia de coordinación entre o equipo docente
Contémplanse as propostas de mellora
Cumpliuse a temporalización inicialmente establecida
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Empregáronse as metodoloxías reflectidas na PD.
Grao de satisfacción xeral

Descrición:

Avaliaráanse a práctica educativa, procesos de ensinanza e práctica docente a través dos indicadores de logro establecidos. As conclusións da avaliación incluírán propostas de mellora e unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final do curso.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen aquí recollidas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

É necesario avaliar a propia programación didáctica para comprobar a súa adecuación ao grupo de alumnado a quen vai dirixida.

Realizarase unha revisión da PD tendo en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36010009	CEIP Virxe do Rocío	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado en Vigo.

O CEIP Virxe do Rocío é dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, atópase emprazado na rúa Rocío, nº 70, en Vigo, entre os barrios de Coia e Bouzas.

A poboación da zona de influencia pódese clasificar en dous tipos: Por unha banda, está o alumnado procedente da zona de Bouzas e de Coia, con familias de clase obreira, nas que abunda o paro e a emigración xa que é unha zona de baixos alugueres. Pola outra, o alumnado procedente de Navia, na contorna da escola, que é unha pequena cidade, formada por grandes edificacións, o que fai que se producise un gran incremento da poboación, sobre todo, con xente nova, e que está dinamizando a vida da escola e aumentando dun xeito considerable a poboación escolar.

A actitude das familias respecto ás expectativas académicas dos seus fillos e fillas é en xeral, positiva, aínda que temos máis de unha excepción. O alumnado ten un bo nivel de asistencia e disciplina en liñas xerais. Nós tentamos potenciar o seu interese, motivando e mellorando os hábitos de estudio e inculcando valores máis sólidos. Moitos dos pais e as nais participan dun xeito activo, tanto nas actividades que organiza o Centro, como nas que realiza a A.N.P.A. Esperamos e agardamos que este número de familias se incremente.

O Departamento de Orientación do Centro desenvolve neste senso o labor de asesoramento, orientación e apoio, en colaboración con todo o profesorado na procura dun mellor aproveitamento dos recursos e na obtención dos mellores resultados posibles. Coma sempre este servizo atópase desbordado pola gran cantidade de alumnas e alumnos que precisan da súa intervención, a cal, cunha orientadora dous días á semana é moi lenta.

Co funcionamento do Comedor Escolar, xestionado pola Xunta na modalidade de xestión indirecta, catering e a Aula Matinal, intentamos prestar un mellor servizo ás familias.

O grupo seleccionado de 1º EP, está composto por 25 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 6 e os 7 anos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Desvestindo o pasado...	Determinarase o tema no que o o grupo vai pescudar información de como eran as vestimentas..	20	10	X		
2	Elexindo os modelos	Cada grupo fai o deseño e confección de distintos modelos segundo a temática asinada.	35	10		X	
3	A desfilar!	Elaboración do produto final e presentación do mesmo.	45	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Desvestindo o pasado...	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e a tradición galega.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Elexindo os modelos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	A desfilar!	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Deseñando as vestimentas do pasado".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e descubrir como eran as vestimentas dos nosos ancestros en distintas ocasións. Cada grupo cooperativo terá asignado un determinado tema:

- A vestimenta do diairo
- A vestimenta das festas
- A vestimenta das vodas
- A vestimenta da labranza
- A vestimenta da danza popular

...

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, terán que contactar coas súas familias e coa veciñanza, pescudando como eran esas vestimentas a través de:

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)

- Libros e outro material libre
- Consultas nos concellos
- Entrevistas ás familias e busca en fotografías ou vídeos
- Entrevistas á veciñanza das vilas en fotografías ou vídeos

...

Nesta etapa, recollerán todo o material atopado e comezarán coa fase de deseño e patronaxe. Con axuda das familias e poderán facer bosquejos dos traxes e vestimentas, en cadernos de debuxo ou nos seus cadernos de aula. A continuación, con distintos materiais (distintos tipos de papel, teas, pegamentos...) poderán pasar á etapa da confección dos modelos.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, coa axuda do mestre/a, as vestimentas confeccionadas sobre os modelos escollidos (bonecos e bonecas traídos das casas).

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha exposición nos corredores do colexio e mesmo semellar un desfile cas bonecas e bonecos empregados.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (espazos e lugares da contorna, momentos históricos, antropoloxía...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Música e Danza (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de debuxo
Caderno de aula
Lapis, pinturas, gomas, tesoiras...
Teas, papel de patronaxe, papel de deseño, panos de mesa...
Pegamento, grampas...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

